



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

GRUPO PROVINCIAL  
G-32014003  
[xosebaltar@bng.gal](mailto:xosebaltar@bng.gal)

#### MOCIÓN DE URXENCIA

Bernardo Varela López, voceiro do grupo provincial do BNG na Deputación de Ourense, ao abeiro da Lei da Administración Local de Galiza e demás disposicións concordantes presenta a seguinte: **MOCIÓN DE URXENCIA DE REXEITAMENTO AO EXPENDIENTE DE INHABILITACIÓN AO XEFE DE XINECOLOXÍA DO HOSPITAL DE VERÍN, DOUTOR JAVIER CASTRILLO.**

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O xerente da área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, Félix Rubial, quen decididiu fai un ano pechar o paridoiro do hospital de Verín co visto e prace do conselleiro de sanidade Jesús Vázquez Almuíña, tenta agora inhabilitar ao xinecologo do hospital de Verín o doutor Castrillo.

A xerencia de Ourense tería incoado un expediente disciplinario contra o xefe de xinecoloxía do hospital de Verín, por tratar de impedir un traslado ao Hospital de Ourense o pasado 30 de novembro de 2019. Un acontecemento sen consecuencias, mentres que quedaron se investigar feitos graves de violencia obstétrica no intento de pechar o paridoiro de Verín.

O intento de pechar a sala de partos, que chegaba despois dunha longa listaxe de agravios con este Hospital, foi contestada tanto nunha histórica manifestación o 30 de novembro de 2019, como con mobilizacións feministas, do 4 de decembro de 2019 en numerosas localidades do país e en constantes mobilizaciones na comarca, e na cidade de Ourense cunha repulsa política xeral en Ourense e na oposición no parlamento Galego. Até que finalmente a Xunta de Galiza tivo que rectificar e reabrir a sala de partos.

Entre outros feitos graves, o BNG e o feminismo denunciaron no seu día situacións como a vivida o 12 de decembro, cando se produciu un parto de urxencia e a velocidade de dilatación era tal que o persoal sanitario de Verín decidiu atender o nacemento no hospital comarcal e evitar os riscos dun traslado

Posteriormente sucedérонse graves feitos que precisaron a concorrencia do aparello xudicial e que remataron coa crianza sendo despoxada da súa nai e trasladada de forma separada até Ourense, con horas de diferenza, incumprindo os protocolos na materia e tendo posteriormente ademais un deficiente trato á nai unha vez chegada ao CHUO.

Estes feitos constitúen un exemplo de violencia contra as mulleres e non foron investigados polo que sorprende que agora se coñeza un procedemento desta embergadura contra un profesional que se significou publicamente a favor do mantemento do servizo en Verín

Parece unha presión política máis por parte da dirección de Ruibal e da política da Xunta de Galiza para coartar aos profesionais.

Tendo en conta que no seu día o pleno da Deputación de Ourense manifestouse contraria ao peche da sala de partos de Verín e contraria por tanto á política da Xunta de Galiza neste tema, procede que deba pronunciarse unha vez máis nesta cuestión .

## **ACORDOS**

1. O pleno da Deputación de Ourense expresa o seu respaldo ao xefe de xinecoloxía do hospital de Verin, o doutor Castrillo.
2. A Deputación de Ourense insta á Xunta de Galiza, e ao SERGAS, ao arquivo inmediato do expediente polo que se pretende inhabilitar durante dous anos de exercicio ao Doutor Castrillo.

Ourense, 23 de novembro de 2020

*Asdo: Bernardo Varela López  
Voceiro do grupo provincial do BNG*

**SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE**